



NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, o día 15 de febreiro de 2016, dictou o seguinte:

"DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro **DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2016, XOVES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **DOCE HORAS (12,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cúmplanse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 17/12/2015.
- 2.- Dación de conta de resolución e decretos da Alcaldía.
- 3.- Dación de conta das actas da X.G.L.
- 4.- Dación de conta do envío de informes ao MINHAP
- 5.- Mocións:
 - 5.1.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular, sobre a solicitude dun Plan de actuación do Parque de Maquinaria da Deputación, nos Concellos.
- 6.- Rogos e preguntas.

Forcarei, 15 de febreiro de 2016.-
A SECRETARIA.

Asdo: M^a Elena Sueiro Fernández.



**SRES. CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO
CONCELLO DE FORCAREI**